



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDERÍA

ENTRADA Nº.....

SAÍDA Nº..... 134

Data..... 26/04/2010

**Judith Sing Jackson**  
**AMIGOS DA TERRA**  
Rúa da Concordia 20, 2º esquerda  
32003 Ourense

DXPA/SXG/jjof/xffr

En resposta ao seu escrito de data 26 de novembro do 2009, solicitando información sobre a identificación do gando equino e a súa relación cos casos de maltrato animal, informámoslle:

A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, como departamento competente en materia de sanidade e benestar animal nos animais de produción, está completamente comprometida co cumprimento da normativa de ordenación sectorial, sanitaria e de benestar animal de aplicación en cada tipo de produción. Galicia foi, no ano 2008, a primeira Comunidade Autónoma do Estado en regular a ordenación zosanitaria do sector equino, antes incluso que a nivel estatal, sendo un dos principais obxectivos a identificación adecuada dos équidos criados en liberdade nos montes galegos.

Ata o presente calquera información ou denuncia concreta recibida foi obxecto de investigación e aplicación das medidas correctoras necesarias, que incluían a orde de retirada inmediata dos elementos que limitaban a mobilidade dos équidos, se eran detectados no transcurso dunha inspección por parte dos Servizos Veterinarios Oficiais, e no seu caso, á incoación dun expediente sancionador aos responsables destes incumprimentos. Así mesmo, en determinados casos, dirixíronse escritos aos responsables municipais dos concellos nos que é frecuente a presenza de équidos en réxime extensivo, así como aos representantes legais de 36 Comunidades de Montes Veciñais nos que supostamente se tiñan detectado estas prácticas.

Para facilitar a identificación dos animais, a Consellería do Medio Rural publicou o *Decreto 268/2008, do 13 de novembro, polo que se establecen as normas que regulan o rexistro e identificación dos animais equinos, as medidas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas, as paradas de sementais equinos con servizo a terceiras persoas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Equinas*. Nesta normativa establécese explicitamente a obrigatoriedade de identificación dos animais e o cumprimento das condicións de benestar animal segundo o establecido na normativa estatal vixente, o



*Real Decreto 348/2000, relativa á protección dos animais en explotacións gandeiras*, no que se recolle expresamente a obriga de non limitar a liberdade de movementos propia dos animais de modo que se lles cause sufrimento ou danos innecesarios. Así mesmo, establécese a obriga de que todos os animais equinos estean rexistrados nunha explotación gandeira inscrita no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia, no que necesariamente ten que figurar un titular da dita explotación.

En desenvolvemento deste decreto, a Consellería ven de publicar:

- Orde de 29 de marzo do 2010 (D.O.G. nº 60, do 30 marzo 2010), pola que se establecen medidas en relación co sistema de identificación dos équidos na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde establécense axudas de ata o 90% do custo de identificación para os titulares de explotacións extensivas de équidos en liberdade.
- Orde do 7 de abril de 2010 (D.O.G. nº 67, do 12 abril 2010), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á identificación do gando equino e se convocan para o ano 2010.

Con esta base, a identificación mediante implantación dun transpondedor, farase extensiva a todos os équidos. Consideramos que a implantación dun transpondedor subcutáneo é o sistema que máis garantías aporta para vincular inequivocamente ao animal co seu propietario, á hora de erradicar toda práctica incorrecta no manexo destes animais.

Neste momento en Galicia estase desenvolvendo o dito sistema de identificación, coa participación do Consello Galego de Colexios Veterinarios.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2010

O subdirector xeral de Gandería



Manuel Castro-Gil Amigo